



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO O DÍA VINTECINCO DE XUÑO DE DOUS MIL NOVE.

NÚM. 6/2009

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p>ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.</p> <p>CONCELLEIROS D^a Ana A. Incera Ares. D. Pedro M. Fernández Marful. D^a. Rosa Alonso Rodríguez. D. Ramón Sixto Legaspi (Concelleiro invitado)</p> <p>SECRETARIA D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p> <p><u>NON ASISTEN</u> D. Xaime Cancio Rodríguez.</p>	<p>Na Alcaldía da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:00 horas do día vinte cinco de xuño de 2009, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
---	--

1. – APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28-05-2009.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes da Xunta de Goberno Local se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 28 de maio de 2009 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria, e ao non producirse ningunha, queda aprobada por unanimidade a acta da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.-LICENZA URBANÍSTICA DE PARCELACIÓN A D^a. CONCEPCIÓN VILLAPOL PÉREZ.-

Dada conta do expediente de D^a. Concepción Villapol Pérez, con enderezo en C/Andrés López Palmeiro nº 6 de Ferreira do Valadouro, en solicitude de licenza de segregación de finca sita en Rúa Mestre Mateo e casa en Paco Maañón, 36 de Foz, con referencia catastral nº 0855406PJ4205N0001MB.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 23 de xuño de 2009, cuxa proposta de resolución é de que a parcelación solicitada é autorizable.

Visto o informe de Secretaría de data 23 de xuño de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Réxime Local, sen perxuício de terceiro e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de parcelación a D^a. Concepción Villapol Pérez, para segregación de finca sita en Rúa Mestre Mateo e casa en Paco Maañón, 36 de Foz, con referencia catastral nº 0855406PJ4205N0001MB., de acordo co establecido no informe do arquitecto municipal.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

3.-MODIFICADO DE LICENZA URBANÍSTICA A CONSTRUCCIONES RIFER, S.L..

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de CONSTRUCCIONES RIFER, S.L., con enderezo en Rúa Mijail Gorbachov nº 2 de Foz, para reforma de planta baixa segundo proxecto básico e de execución de edificio para 52 vivendas e 4 estudos en Rúa Trapero Pardo esquina Río Masma e esquina Rúa de nova creación-Foz, redactado polo Arquitecto D. José Luis Eimil Trasancos.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 22 de xuño de 2009, no que dí como conclusión que a reforma solicitada é autorizable.

Visto o informe de Secretaría de data 23 de xuño de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiro e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a CONSTRUCCIONES RIFER, S.L., con enderezo en Rúa Mijail Gorbachov nº 2 de Foz, para reforma de planta baixa segundo proxecto básico e de execución de edificio para 52 vivendas e 4 estudos en Rúa Trapero Pardo esquina Río Masma e esquina Rúa de nova creación-Foz, redactado polo Arquitecto D. José Luis Eimil Trasancos e de acordo co establecido no informe do arquitecto municipal de data 22 de xuño de 2009.

Prazo de execución: 3 anos.

Promotor: Construcciones Rifer, S.L.

Técnico director da obra: D. José Luis Eimil Trasancos, Arquitecto Superior.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20:20 horas do día 25 de xuño de 2009, do que como secretaria dou fe e certifico.